



EXCMO. CONCELLO DE TUI

## ANUNCIO

Mediante resolución da concellaría delegada de persoal de data 07.09.2020 ditouse o seguinte acto administrativo cuxo contido literal é:

### RESOLUCIÓN DA CONCELLERÍA DE PERSOAL

#### RESOLUCIÓN DE REACTIVACIÓN DO PROCESO SELECTIVO, NOMEAMENTO DE NOVO TRIBUNAL E DATA DE EXAME PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TEMPO PARCIAL DUN PROFESOR/A DE ÓBOE E OUTRAS MATERIAS PARA A ESCOLA-CONSERVATORIO DE MÚSICA CO FIN DE FORMACIÓN DA LISTAXE DE RESERVA PREVISTA NA BASE 10.

#### Antecedentes:

1. Mediante Resolución da Concellería de persoal (2020-0045) de 20/01/2020 se aprobou a convocatoria e bases de selección para a contratación laboral temporal a tempo parcial dun profesor de óboe, ata o final de curso 2019-2020.
2. Mediante Resolución da Concellería de persoal (2020-0299) de 06/03/2020 se aprobou a lista de admitidos, se designou o tribunal e data do exame do proceso selectivo anterior.
3. Mediante Resolución da Concellería de persoal (2020-0338) de data 13/03/2020, se anulou a celebración do exame do proceso de profesor de óboe, debido a crise sanitaria da Covid-19.
4. A contratación para o curso 2019-2020 non se levou a cabo, debido a suspensión das clases pola crise sanitaria, agora ben a propia convocatoria do proceso selectivo para a contratación indicaba na base nº 10 a formación dunha listaxe de reserva e a súa vixencia nos seguintes termos:

*“A listaxe coa totalidade dos aspirantes que superaron o proceso selectivo e puntuación acadada, poderá ser utilizada como listaxe de reserva. Que poderá utilizarse para cubrir a praza en situacións de renuncia voluntaria, procesos de incapacidade temporal, maternidade ou calquera circunstancia. A lista de reserva que se crea con este proceso para cubrir a praza de oboe no Conservatorio Profesional/Escola de Música de Tui será confeccionada por orde de maior a menor puntuación, será sometida.*

(...)

*A lista de espera elaborada terá unha duración dun ano a partir da data de finalización do contrato, ou de menos no caso de que remate un novo proceso selectivo para a cobertura desta praza, momento a partir do cal esta lista deixaría de ter vixencia á aprobación do Sr. Concelleiro competente na materia/Alcalde.”*

Esta Concellería no uso das facultades outorgadas pola lexislación vixente, **RESOLVE:**





EXCMO. CONCELLO DE TUI

1.- Reactivar o proceso de selección de profesor de óboe para poder confeccionar a lista de reserva prevista na base 10 do proceso selectivo.

2.- Designar aos membros do novo tribunal que estará formado polas seguintes persoas:

- Presidente:      \* Sonia Avilés Vidal  
                          \* Elisa Marqués Parrila (suplente)
  
- Vogais:            \* Fernando Rei Maio  
                          \* Natalia Franco Fernández (suplente)  
                          \* José Alejandro Valcarcel Moura  
                          \* Myriam Buján Garrido (suplente)  
                          \* M<sup>a</sup> de los Ángeles Domínguez Ramos  
                          \* Javier González López-Mosquera (suplente)
  
- Secretario:        \* Rafael Sánchez Bargiela  
                          \* Ana María Pérez Freiría (suplente)

3.- Convocar, ó tribunal e ás persoas aspirantes do proceso arriba relacionado , para a realización do proceso de selección o luns, día **21 de setembro de 2020**, nas instalacións do **Conservatorio** de música de Tui, sita en Avda. da Concordia s/n, e as **11:00 horas**.

4.- Expoñer ao público esta Resolución, para xeral coñecemento.

5.- Dar traslado da presente resolución ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

O Sr. Concelleiro de persoal, José Ramón Magán Rivera en Tui.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

